Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O galego antes do nafraxio



Conta a historia que vindo de Flandes nunha urca, que é unha embarcación grande e ancha no centro que se usaba para transportar grans e outros xéneros, e antes de tomar porto na Coruña presentouse unha grande tempestade no mar. Para achicar e tratar de salvar a nave só cinco portugueses traballaban. Nin comían, nin durmían; só lle daban á bomba e facían as reparacións.

No barco viña un galego que, sabedor de que o barco se ía a pique, primeiro subiu á gabia por mirar se endelgaba ou non a súa terra, Galicia. Como non se vía, sentou e púxose a comer todo o que tiña. O

contramestre subiu á gabia e ó velo comer con aquel descoido e sen preocuparse de salvar o barco, rifoulle e preguntoulle porque non lles axudaba ós demais a achicar.

—Que fas aí? Por que non axudas ós demais?

E respondeulle o galego:

—Corpo de Deus! A un home que tanta auga agarda beber, non lle deixaredes comer sequera dous bocados?

Nota:

Este conto aparece en varios textos e colecciónS desde o séc. XVI como ten amosado M. CHEVALIER, *Cuentecillos tradicionales en la España del Siglo de Oro*, Editorial Gredos, Madrid, 1.975, ppp. 261-264. A mención máis antiga é a de *Glosas al sermón de Aljubarrota*, 1545?, síguelle a que se fai en *El Sobremesa y Alivio de caminantes*, 1.563, de J. de TIMONEDA, en *Floresta española*, 1.574, de M. de SANTA CRUZ, usouno AMBROSIO DE SALAZAR en *Las clavellinas de recreación*, 1.614, JUAN de LUNA en *Segunda parte del Lazarillo de Tormes*, para rematar as citas coa mención que se fai do mesmo asunto no libro *Vida y hechos de Estebanillo González*, 1.646. En *Glosas al sermón de Aljubarrota*, o texto que seguimos para a nosa versión, o protagonista é un galego, e tamén na de *Vida y hechos de Estebanillo González*, se aceptamos a declarada orixe galega do protagonista.

BIBLIOGRAFÍA

MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio (2003): Contos de parvos e pillos, I, Col. Cabalo Buligán nº 17, Vigo: Xerais, p. 43.